Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MEMORIA DA ALCALDÍA: CE núm. 27/2026

No cumprimento do establecido no artigo 37.2 do RD 500/90, polo que se aproba o Regulamento orzamentario, esta Alcaldía xustifica a necesidade da tramitación do presente expediente de modificación orzamentaria, modalidade crédito extraordinario, tramitado co número **27/2026**, especificando as partidas e os medios ou recursos que haberán de financiala, mediante a presente **MEMORIA**.

I.- Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 26/02/2026 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2025.

Segundo: Con data de 02/03/2026 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 26/2026 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 02/03/2026 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 27/2026 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2025.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025.

Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2025 e o nivel de endebedamento a 31.12.2025 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTGX de **480.807,44 €**
- Endebedamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
  - Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
  - Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

II. Obxecto da modificación orzamentaria

Para esta Alcaldía, é necesario dotar o crédito, mediante a tramitación dun Crédito Extraordinario financiado con RLTGX para a seguinte finalidade: Cancelación da débeda (como entrega a conta, en tanto non se resolvan os recursos interpostos) coa MCSB relativa á cota extraordinaria do ano 2026, que foi notificada o día 30/09/2026

Notificación	Anualidade	LIQUIDACIÓN	Cuota extraordinaria anual	Total CE 27/2026
30/09/2026	2026	LL/E.26	106.034,78	106.034,78

As aplicacións orzamentarias nas que se dotará o crédito específico para poder aprobar as anteriores liquidacións xiradas pola Mancomunidade, son as seguintes:

AG	Econ.	CI	CE 27/2026	CD
1622	76300	0,00	106.034,78	106.034,78

CVD: g9JeHNdbbTkMFW9Ewctj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

III. <u>Xustificación do carácter indemorable da modificación</u>

A pesar de que a liquidación foi recorrida, a aprobación da liquidación faise como unha entrega a conta das cantidades que definitivamente queden fixadas unha vez resolto o recurso administrativo interposto.

IV. <u>Xustificación do carácter específico e determinado dos gastos</u>

Este aspecto queda xustificado polo detalle presentado dos gastos.

V. <u>Inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito orzamentario axeitado e suficiente</u>

No orzamento definitivo do 2026 non existe crédito para a asunción deste gasto, por iso debe ser dotado.

VI. <u>Financiamento da modificación</u>

O Crédito extraordinario será financiado co Remanente de Tesourería para gastos xerais, derivado da Liquidación do exercicio 2025, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Documento asinado dixitalmente.

O Alcalde, Esteban Ares García

CVD: g9JeHNdbbTkMFW9Ewctj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/